



CONCELLO DE XINZO DE LIMIA
Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf. 988 550 111 – Fax. 988 550 112

PREMIADOS/AS

CONCURSO DE MINICONTOS “SAMAÍN 2021”

Reunido o xurado segundo as bases do concurso, decídese tras as votacións, outorgar os premios en cada unha das categorías ás/aos seguintes participantes:

Categoría infantil (5-11 anos)

Primeiro premio	Antón Sánchez Joga (CEIP Rosalía de Castro) "As ánimas do Samaín"
-----------------	---

Segundo premio	Claudia Urones Cid (CEIP Rosalía de Castro) "Verónica, es ti?"
----------------	--

Terceiro premio	Gabriela Enríquez Blanco (CEIP Rosalía de Castro) "O truguxente"
-----------------	--

Categoría xuvenil (12+ anos)

Primeiro premio	Carla Gómez Gómez (IES Lagoa de Antela) "O misterio dos ollos verdes"
-----------------	---

Segundo premio	Shaila Franco Morales (IES Cidade de Antioquía) "Nada é o que parece"
----------------	---

Terceiro premio	Leo Rodríguez Enríquez (CEIP Rosalía de Castro) "Unha de sustos"
-----------------	--

Parabéns a todas as premiadas e premiados e grazas a todas e todos os participantes por adicar un anaco do seu tempo a esta iniciativa. Foi moi difícil escoller só tres relatos en cada categoría pola calidade e orixinalidade de todos os participantes.

En breve celebraremos un pequeno acto de entrega de premios no cal agardamos poder contar coa presenza de todas as gañadoras e gañadores.

En Xinzo de Limia, a 22 de novembro de 2021

II Concurso
de minicontos de
medo e terror

Samain 2021

RELATOS PREMIADOS



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzó de Limia

 xinzodelimia  xinzococoncello  cultura_de_xinzo

As ánimas do Samaín

Antón Sánchez Joga (CEIP Rosalía de Castro)

Vai moitos anos, nos tempos dos celtas, había un espectro dun esqueleto cuberto cunha capa negra e detrás del camiñaban unha fila de ánimas que aos celtas tiña atemorizados. Dician que se chamaba a Santa Compañía.

Esta era misteriosa, horripilante, espectral, terrorífica e soamente saía a noite de Samaín cunha gadaña medio oxidada que utilizaba para levarse ás ánimas dos que se atrevían a mirala.

A Santa Compañía vivía nun cemiterio no alto dun bosque. Ao carón del había unha horta que tiña un espantallo chamado Xardíns. Ao contrario dos demais espantallos a Xardíns gustáballe que os paxaros se pousasen sobre el, cantasen contentos e, por iso, deixáballes comer a froita pasada que os celtas non querían.

Na noite de Samaín a Santa Compañía baixaba polo bosque coas súas ánimas para poder levar as ánimas dos celtas que festexaban o Samaín ao final do verán e da recolleita dos últimos froitos.

Cando pasaba pola horta de Xardíns, os paxaros comezaban a berrar de medo. Voaban moi alto facendo círculos sobre o pobo dos celtas e, logo, marchaban e non volvían ata comezar o verán.

Nese momento os celtas terminaban o Samaín e corrían ás súas casas para que a Santa compañía non levase as súas ánimas.

A Xardíns non lle gustaba que os seus amigos, os paxaros, voasen aterrorizados e quedarse só todo o inverno, por iso decidiu falar coa Santa Campaña para facer un trato con ela.

As doce da noite esperouna a saída do cemiterio e díxolle sen mirala:

- Por que este ano non baixas polo camiño que vai ata o río? Non vés que queda máis preto do cemiterio do pobo e alí podes levar ás ánimas dos celtas que queiras?

A Santa Compañía, non dixo nada, pero asentiu coa cabeza e así o fixo.

Esa vez os paxaros non se asustaron, nin berraron, nin voaron en círculo sobre o pobo, nin se marcharon ata o seguinte verán pero o que lle aconteceu as ánimas de todos os celtas, ás do cemiterio e ás dos que festexaban o Samaín, podédelo imaxinar.

1º Premio Categoría Infantil
Concurso de minicontos de medo e terror "Samaín 2021"



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia

Verónica, es ti?

Claudia Urones Cid (CEIP Rosalía de Castro)

Foi unha festa terrorífica porque nada saíu como nos podíamos imaxinar.

Era un 31 de outubro, noite de Samaín, a miña amiga Verónica e máis eu tiñamos os disfraces elixidos. Ela era un home lobo feo e peludo, cunha cara que espantaba, e eu máis fea aínda, a boneca Anabelle, tan mala coma o mesmo Demo!

Sáímos camiño do bosque onde se ía celebrar a festa. Pasamos moito medo xa que non se vía nada, aínda que había lúa chea.

Cando me decatei Verónica desaparecera. Estaba eu soia e morta de medo!

Chamei por ela, berrando canto podía... De súpeto ao lonxe vin algo estraño, sería ela? Si, era ela, tiña que selo, Verónica, es ti? - berreille, pero non me contestou. Achegueime a ela, pero canto máis preto estaba, menos vía.

Unha néboa espesa cubría todo ao meu arredor! Ata que me mira e vexo os seus ollos vermellos coma o mesmo lume, non eran os ollos da miña amiga, eran os dun home lobo, pero dos de verdade! Abriu a boca para comerme dun bocado, pero corrín canto puiden e aquí estou!

Por sorte podo contarvos esta historia... aínda así nunca máis souben nada da miña amiga.

2º Premio Categoría Infantil
Concurso de minicontos de medo e terror "Samaín 2021"



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia


O truguxente

Gabriela Enríquez Blanco (CEIP Rosalía de Castro)

Xa sei que foi algo arrepiante, pero... o “colorín colorado” só era o final do principio.

Aquela mañá entrei na biblioteca escolar e vin algo que se movía e facía ruído, asusteime un pouco porque era Samaín.

Collín un libro que tremía e eu tremía tamén. Entón abrino e foi algo raro, había moitas persoas que non daban medo. Ao chegar ao final do libro, non sei como, metínme dentro del. Foi alucinante! Alí xa comprendín porque había tantas persoas. Unha amiga recoñeceume e tocou o libro, este traspasou a súa man e puido sacar a todos.



3º Premio Categoría Infantil
Concurso de minicontos de medo e terror “Samaín 2021”



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia

O misterio dos ollos verdes

Carla Gómez Gómez (IES Lagoa de Antela)

Nunca vos ten pasado de ver a xente pola rúa que non virades nunca? e... a ver, nunha cidade grande pode pasar, pero nunha vila coma Xinzo é moi raro, ou iso pensaba eu antes do Samaín do ano pasado.

Eu quedara cos rapaces e rapazas da miña clase e decidimos ir ó monte para facer a broma de se viamos a Santa Compañía, ou algún monstro terrorífico, pero todo de broma, porque xa sabiamos que non íamos atopar nada, ou iso pensabamos nós.

Xa levabamos ao redor duns 40 minutos camiñando cando vimos unha estraña silueta moi grande e peluda. Era coma un can, pero moito máis grande. Nós intentamos non facer ruído e escapar, pero un dos meus amigos tiña tanto medo que botou un peido que fixo que a criatura se xirase e nos mirara cuns grades ollos verdes. Nós, inmediatamente, botamos un berro que se debeu de escoitar en toda a Limia. Porén, a criatura non se movía. Tan só nos miraba, coma se nos estivese escaneando.

Paralizados do medo non botamos nin a correr, total.... para que? Esa criatura, se nos quería coller, íanos coller, polo que decidimos actuar coa cabeza e deixar que ese ser (que parecía un lobishome) decidira o que facer. Despois de 5 minutos, e cando parecía que nos ía atacar, unha luz que proviña de detrás de nós espantounos. Eran as nosas nais chamándonos, algo que, por unha parte, nos aliviou , pero por outra, nos deu máis medo que cando estaba o lobishome diante, porque sabiamos o que nos esperaba: dar a volta, aceptar o castigo, e non saír ata que tivéssemos uns 200 anos.

Xa pasara a ponte. Era martes, e tiñamos que volver á escola. Cando volvemos só falabamos e pensabamos sobre o que pasara a noite de Samaín, o que fixo que non nos enteráramos de nada da clase, ben, de algo si; de que viñera un profesor novo á escola pero ninguén sabía que materia daba nin como se chamaba, nin sequera os profesores o sabían. Nós non o viramos, o único que sabiamos era o que nos contaran, ata que na terceira hora, na que faltou a profe de inglés, veu el substituíla. Era de longos cabelos negros, moi alto e forte, e tiña uns preciosos e característicos ollos verdes. Cando chegou non se presentou. Só nos dixo que o seguíramos a unha habitación subterránea secreta que el descubrira cando era estudante (iso a min pareceume un pouco raro). Como había que baixar polo ascensor fomos baixando sucesivamente.

Primeiro baixou o profesor e uns cinco rapaces, e mentres eu aproveitei para contarlle aos meus amigos as sospeitas que tiña de que non fose de fiar. Eles non me fixeron moito caso e esperaron a que o profesor volvera subir para levar outros cinco. Abríronse as portas do ascensor e os seus ollos eran amarelos. Esa característica na que todos nos fixamos fixo que nos acovardáramos un pouco, aínda que os máis despistados nin se deran conta e baixaron con el. Volvín repetir as miñas sospeitas, pero esta vez fixéronme caso. Collemos unha mesa e démoslle ao botón do ascensor, que provocou un cortocircuíto, de xeito que ninguén puido nin saír nin entrar del. Logo, fomos rápido á sala de profesores avisar. Viñeron uns cantos convencidos de que lles contabamos unha trola, e abriron a porta do ascensor facendo cunha panca. Cando abriron a porta, non había absolutamente ninguén; nin alumnos, nin lobishome.

1º Premio Categoría Xuvenil
Concurso de minicontos de medo e terror “Samaín 2021”



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia

Nada é o que parece

Shaila Franco Morales (IES Cidade de Antioquía)

Achegábase o Samaín e un grupo de amigos estaba decidindo que podían facer este ano 2021, porque xa levaban dous anos sen poder saír pola pandemia e querían facer algo especial. Estaban reunidos nun banco do parque e cada un espuña a súa idea, pero ningunha lles parecía boa. De súpeto Marcos que era un rapaz moi observador decatouse que na outra veira do parque había un cartel que lle chamaba a atención. Ese cartel dicía:

“Nada é o que parece” Convidamos a un grupo de 10 persoas a pasar unha noite de Samaín que nunca olvidaredes. O primeiro grupo que chame o teléfono: 1234567890 disfrutará a experiencia.

De súpeto todos estaban dacordo e pareceulles unha boa idea porque eles eran 10 xustos. Noa colleu o seu teléfono e chamou a aquel número que poñía o cartel, puxo o altavoz para que todos escoitaran a conversa e unha voz ronca de muller respondeu o outro lado dicindo: “Noraboa sodes os gañadores para vir a pasar o Samaín a nosa casa, será unha experiencia que nunca olvidaredes”. A muller fixo unha pequena pausa e seguiu dicindo: o domingo 31 de outubro as oito da tarde tedes que estar nese mesmo banco e unha persoa irá a recollervos. E recordade, nada é o que parece. A muller acabou de falar e colgou o teléfono, os rapaces miráronse abraizados porque non lles fixera ningunha pregunta e sen embargo parecía sabelo todo deles. Non lle deron importancia e quedaron en verse o domingo nese mesmo lugar.

O domingo as oito todos estaban no banco do parque impacientes esperando a que alguén os fora a recoller. De súpeto un escalofrío percorreulles a todos o corpo e sentiron unha sensación moi extraña como se alguén os estivese observando. Sen saber de onde saíu apareceu un velliño con cara de poucos amigos e díxolles: seguideme, sodes os elixidos.

Montaron nun pequeno autobús que conducía aquel estraño velliño e en dez minutos xa chegaran a casa, o velliño levantouse do seu asento e dirixiuse os rapaces dicíndolles: baixade agárdanvos dentro, e recordade nada é o que parece. Os rapaces miraron para a cara do velliño e viron que lle cambiara, agora era un esqueleto o que lle saían bichos polos ollos. Asustados e berrando baixaron do autobús e puxéronse fronte a porta da casa. Manuel sen entender nada preguntou: vos vistes o mesmo que vin eu?. Todos asentiron.

De súpeto abriuse a porta e apareceu unha velliña ca cara toda chea de enrugos e cunha longa trenza de pelo branco apoiándose nun bastón. A velliña díxolles: pasade nenos o bo vai comezar agora. Entraron un a un cun pouco de medo e cando pasou o último a porta cerrouse dun portazo, e os rapaces meteron un berro do susto. A muller mirou para eles e púxose a rir coma unha tola, os rapaces miraron e víronlle os ollos e a roupa chea de sangue e a súa cara coma un esqueleto. A muller só lles repetía: “Nada é o que parece”. Os rapaces meteron un berro e botaron a correr polo longo pasillo ata entrar nunha habitación mentres a velliña os perseguía rindo sen parar. Cando entraron todos na habitación pecharon a porta de golpe, pero aínda seguían oíndo a vella rir. Despois todo quedou en silencio, a luz da habitación estaba apagada e só podían distinguir algúns mobles ca luz da lúa que entraba pola ventá. Laura berrando dixo: pero quen era esa muller? mete medo!. De súpeto a luz acendeuse soa e puideron ver toda a habitación, estaban sós, miráronse e decatáronse de que faltaban dous compañeiros. Decidiron abrir a porta e ver se marchara a vella para poder saír a buscalos. Miraron o longo pasillo e viron que non había ninguén, saíron e canñaron cara unha porta que estaba media aberta, pero logo volveron escoitar esa risa que lles estremeceu o corpo e viron que a vella viña acompañada por moitos velliños mais. Correndo empurraron a porta que estaba media aberta e metéronse dentro e volvérona cerrar para que non entraran aquelas estrañas persoas.

O único que había naquela habitación era un gran armario, os rapaces abrírono e toparon un montón de chaquetas colgadas, pero dúas delas chamáronlles a atención porque as coñecían perfectamente, eran as dos seus amigos. Colléronas e viron que estaban todas rotas e ensanguentadas tiráronas do susto e dunha delas caeu un papel dobrado, abrírono e puideron ler: Coidado non estades sós, vades morrer coma nós. “Nada é o que parece”.

2º Premio Categoría Xuvenil
Concurso de minicontos de medo e terror “Samaín 2021”



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia

Unha de sustos

Leo Rodríguez Enríquez (CEIP Rosalía de Castro)

Ai mi madriña! Ai mi madriña! Ai mi madriña! Pero que está pasando? Dende cando a nosa casa ten pantasma? Ten que ser iso, non hai outra explicación! – eu estaba tremendo co medo.

Mentres me estaba preparando, xunto ca miña amiga Carla, para a festa que había no pobo para celebrar o Samaín, aconteceron un montón de cousas moi raras na miña casa que nos tiñan cos pelos de punta. Vóuvolo explicar para que me entendades, que vos vexo co cello engurrado.

Cando entramos e subíamos pola escaleira cara a habitación onde temos os disfraces, de súpeto a porta da entrada PUM!! pechouse dando un golpe que case nos para o corazón. Vaia susto papamos! E non entendemos como puido ser se hoxe non hai vento. Pero é que cando aínda non nos tiñamos recuperado PUM!! a porta da habitación que estaba detrás nosa pechouse con outro golpe. Vaia resusto papamos!!

E a cousa non queda aí. Tratando de tranquilizarnos botando unas risas polo que tremíamos collemos o disfraces e comezamos a prepararnos. Cando xa case rematáramos a luz apagouse. Iso non é nada raro, puido ser por moitas cousas. Prendémola, pero nuns segundiños volveuse a apagar. Pero vamos a ver!!!! Prendémola de novo e de novo nuns segundiños volveuse a apagar. E así varias veces máis.

Empezamos a estar moi asustados porque outra vez non ten explicación porque noutras habitacións comprobamos que non había problemas ca luz. Ai mi madriña!

Terminamos de vestirnos ca velocidade dun lóstrego para marchar á festa canto antes e deixar de tremer, pero cando estabamos baixando cara a saída... TOC, TOC, TOC, TOC escoitamos uns golpes detrás nosa como se alguén estivera dándolle patadas a una porta, pero iso era imposible xa que arriba só estábamos nós. Ai mi madriña! Xa tiñamos a pel de galiña.

Pero a cousa non quedou aí, que va! Antes de saír da casa pasamos pola cociña para beber algunha cousiña fresca porque tiñamos a gorxa seca do medo que estabamos a pasar e cando abrimos a neveira ZAS! saltounos unha araña, grande coma un puño, directamente á cara. Ai mi madriña! Ai mi madriña! Desta vez o susto foi tal que liscamos da miña casa correndo coma nunca correramos antes na nosa vida. E directos viñemos á festa a ver se nos pasaba o medo que nos arrepiaba o corpo.

A que estades de acordo comigo en que a miña casa ten que estar encantada ou polo menos ter unha pantasma para poder explicar tanta cousa rara? Porque Carla e máis eu non atopamos outra explicación. E non é que nós crémos en pantasma, casas encantadas e cousas desas.... É que de verdade, de verdade que non o podemos explicar doutra maneira.

Bueno, vale...

Para que non vaiades para a cama cun sustiño no corpo vouvos contar o que realmente pasou.

Xa vos dixen que hoxe era a noite de Samaín, non si? Pois o que de verdade pasou foi que os meus pais hoxe tiveran o día inspirado e decidiron que, para eles pasar un bo rato, nós tiñamos que pasar un mal rato. E vaia que así foi! Tiñannos preparados todas eses sustos a Carla e a min por mor do Samaín. Con fíos, gravacións, resortes e outras cousas fixeron que pasamos o medo da nosa vida.

Sáíulles realmente ben porque aínda agora trememos un chisquiño ó contalo.

3º Premio Categoría Xuvenil
Concurso de minicontos de medo e terror “Samaín 2021”



Concellaría de Cultura e Mocidade
Concello de Xinzo de Limia